


ASEMBLEA XERAL

2021

CLUB  
MONTAÑA  
FERROL



***MEMORIA  
CONTAS  
ESTATÍSTICAS***

# CMF - ASSEMBLEA XERAL 2021

O Club presenta á **Asemblea Xeral de Socios** non sabemos se unha **memoria** ou mellor unha **amnesia** despois dun ano que na Asemblea Xeral do ano pasado nin podiamos imaxinar.

Por riba este ano tentamos manter as formas e aínda que non fagamos a Asemblea presencial, imos abrir un período no que todo o mundo poda expoñer e incluso votala memoria e as contas: compre reinventarse.

Dicíamos o ano pasado que despois das eleccións abrimos unha nova comunicación coa nova corporación:

Estiveramos coa **Concellería de Turismo** e coa de **Medioambiente**, e dicíamos a ver o que da se si... pois este ano, non deu nada de si.

Como dende a Concelleira de Patrimonio se presentou un plan de recuperación das baterías costeiras, enviámoslle a ruta do 50 kms, pareceulle interesante e quedou en falalo..... ata hoxe.

Saíu na prensa que se ía musealizar a sala de cureñas do castelo de San Felipe, como ninguén falara connosco, enviamos por rexistro e en galego (como esixe o concello para as comunicacións públicas ás entidades), que se contara co movemento veciñal de Brión e con nós, que fomos en grande parte os que recuperamos a data do 25 de agosto de 1800.

Contestóusenos cun tuit e en castelán... será a política municipal 4.0! como dixo alguén.

O certo é que a empresa que se encarga do tema abriu unha liña de comunicación, o que nos congratula.

Volvéronse a manter xuntanzas co **Concelleiro De Deportes**, pero o rocódromo seguía pechado, e sen trazas. De súpeto unha intervención entre o **Concelleiro de Deportes e o portavoz municipal do partido do goberno**, o que non se fixera en case dous anos, solucionouse en 15 días.

Sacaron o concurso da parede, cambiouse toda a iluminación, revisouse coa **Concelleira de Obras** e a aparelladora municipal todos os puntos de goteiras, as barandillas da parte alta inseguras vanse cambiar por muretes e a porta empalada que o anterior Alcalde comprometerase publicamente en abril, pois vaise facer e a posterior automatizar para controlar o acceso.

Nunca tantas visitas de **concelleir@s** tivo esta instalación que aínda que levamos moito invertido.. é municipal. Unhas colchonetas e presas novas e moita man de obra de varios compañeiros e sobre todo a acción permanente de Luis, que leva **moitas, moitas, moitas**

horas invertidas.. pero tranquilos que chegaran “outros” e berraran dende a barreira que todo é unha..... que eles o farían mellor. ¡Hai moito teórico!

O que se botou en falta foi a voz de todos aqueles que falaban e falaban, e falaban... que agora terán mais que dicir, pero que se van a aproveitar do traballo.

Queda o reto de si seremos de novo capaces de dinamizalo.

Co **Alcalde**, despois dun pequeno rifirrafe no entorno da Batalla de Brión, mantivemos unha xuntanza onde abriron portas de colaboración nunha chea de temas que lle presentamos, temas absolutamente transversais, pois xa sabedes que o Club Montaña Ferrol, ..non so camiña...tamén pensa e actúa.

Este ano, non tocou colaborar con ninguén pois a actividade quedou completamente paralizada o principio da primavera, como ben sabedes.

Dado a falta de actividade, propuxemos non pasar ó cobro un trimestre, dicir que moitos socios comunicaron que non se lles aplicara. Eso fixo que a recadación por **cuotas baixara uns 5000€**

Os movementos caeron en picado como podedes ver na comparativa, tanto en ingresos como en gastos, pasamos en ingresos duns **52.000 no 19 a 27.200 no 20**

Nos gastos se no 19 foron **43.700 no 20 foi algo mais de 27.000**. Ah! E **ABANCA** ingresounos 200€ así sen mais, Agradecese!

Seguimos a subvencionar as licenzas federativas infantis, as de maiores de 65 anos, as de participación en competicións, e o grupo de colaboradores

Aínda así mantense un pequeno superávit, que nos permite manobrar economicamente aínda que tardemos en cobrar a subvención ou os cobros de cotas. Mantemos a cota para **parad@s soci@s** e a da do **Ministro Dastis**, pois seguimos a ter socios do clube lonxe.

Solicitamos a EMAFESA, o non cobro dos recibos mentres estivemos pechados, como fixeron con negocios. ¡AH! O deporte non conta. Igual que a redución do IBI, que no concello estableceu para todo tipo de entidades.... menos as deportivas, e estamos no de sempre e os que por riba teñen un local municipal en non pagan nin un euro?

No tema de saídas este ano, cortouse de raíz nada mais empezar, aínda así puxemos en práctica unha ruta a San Andres de Teixido retomando a nosa traza, pero so nos tramos mais interesantes. Non sabíamos que tal quedaría, pero con caldo incluído da “Caldupeira” dos nosos eternos amigos da **Casa de Morcego en Porto de Cabo** (fan mais eles polo Camiño que todos os concellos xuntos), como os antigo romeiros, a experiencia merece a pena repetila de cando en vez, e coas bromas faise 25 kms, a metade.

Esta actividade xerou un breve informe que foi remitido os concellos do Camiño, e hai que dicir que a **Concelleira de Turismo de Narón**, non so agradeceu, senón que contratou un estudo mais amplo.

Deunos tempo a ir a Babia ..pero sen raquetas ¡nin pinga de neve!!! E despois logramos ir facendo algunha que outra actividade coas cambiantes medidas que foi tomando a Administración: van a afundir os clubs de deporte base como o noso.

Na marcha Nórdica logramos empezar a retomar, da man da empresa dun compañeiro noso KAPITREX.

Se o ano estivo mal, o final de ano tivo as actividades restrinxidas na participación en moitos casos a **socios federados pola normativa da Xunta** e que en moitas ocasións algúns socios que estaban interesados en participar na mesma non puideron facelo.

**¿Se é deportista so cando tes unha licenza federativa?**

No tema da **orientación e raids**, con todo o calendario de probas cancelado, menos unhas poucas ao principio, por suposto con grande existo unha xornada de orientación en Doniños, con casi 100 participantes. .augurabamos un bo ano, pero pouco se puido facer mais que o entreno individual.

O cese de actividades non nos quitou de reforzar a biblioteca con novos volumes.

Por último este ano houbo eleccións a Federación Española (FEDME), houbo unha forte participación galega no proceso electoral, e todo indica que vai haber un grande cambio, despois de moitos anos de continuidade

## **E o VINTEUN?**

BUff... quen se atreve aventurar!!!. Polo de pronto as cuotas non as imos tocar...faltaría mais.

Fixemos un calendario que nos gustaría manter, pero xa dende o principio estanse a caer moitas cousas, porque parece ser que facer deporte **“é perigoso”**, según a **Xunta de Galicia**, e mais no entorno natural.

Queremos seguir cas actividades Patrimoniais, e seguimos buscando colaboracións no tema medioambiental, debe ser que a bioloxía xa non está de moda.

Quixeramos repetir o **camiño a Teixido**, foi bonito e interesante. E se podemos retomamos o itinerario que abrimos este ano de mais de 20kms por sitios inéditos de Cabanas.,... 3 parroquias alucinantes... O concello gustoulles moito a idea e temos moi interesado ao **Concelleiro de Turismo de Cabanas**.

Queremos facer a nosa actividade estrela a VII marcha de **50kms da Costa Ártabra Concello de Ferrol**. Queremos rematar o ciclo do **Belelle** despois de 15 anos.

Xa que non puidemos celebrar o 220 aniversario da Batalla de Brión, agardamos facer o 220+1 este ano.

Na **escalada**, agardamos redinamizar o novo roco, con todas as melloras introducidas por Luis.

@s compañeir@s de **Orientación**, sen expectativa de calendario de competición, pouco se pode facer, pero imos facer unha aposta por aguantar o tirón.

## MOVEMENTOS DE SOCIOS

Socios Novos	11
Baixas	17
Socios non corrente de pago	11
<b>Total</b>	<b>305</b>

Como adianto, podemos dicir que nestes primeiros días do ano, xa contamos cun importante número de baixas provocado, tal como contan nos correos pola incertidume da situación e a posible non realización de actividade.

Moito nos tememos que vai difícil remontar, e si nos imos quedar algo tocando, a ver como vai ser todos os pequenos clubs repartidos por Galicia en mais de 100.

Despois veremos campañas da Xunta de **“Galicia Saudable, fai deporte”**. Polo que sabemos somos a única Comunidade que nesta terceira onda, que cortou o deporte. Eso si.. menos o profesional, onde por certo están a darse centos de casos Covid.

### DIRECTIVA

A grupo directivo actual, tivo un cambio de responsabilidade en Orientación cedendo o compañeiro Antonio (L. Peiteado) por outro Antonio, un histórico, “fajado” nas duras competicións... Australianas!!! (Garcia Couce)

XAN ANTON RAMIREZ GOMEZ	Pte
MARIVI CARRO COUCEIRO	Vice pta.
XANDRE RIVAS SANDE	Segredario
MARCELINO LADRA GONZÁLEZ,	Tesoureiro
RAMON RODRIGUEZ	Vogal

### COLABOURADORES DIRECTOS

LUIS MARCOS ROMERO (responsable das relacións do rocódromo e temas de escalada en xeral)	
ANTONIO GARCIA COUCE (representante de orientación/raids)	
ANGEL GARCIA CARRO	ALFONSO MANSO
CHUS GARCIA IGLESIAS	SOL SEOANE

### SOCIOS COLABORADORES ACTIVIDADES

MONICA DOPICO	JAVI PAZ
EMILIO SAAVEDRA	ANA FERNANDEZ
	XOAN PORTO

### EVOLUCIÓN FEDERADOS EN ORI -RAIDS

2015	2016	2017	2018	2019	2020
32	29	31	20	14	14

### EVOLUCIÓN FEDERADOS EN MONTAÑA

2015	2016	2017	2018	2019	2020
122	127	156	168	195	149

### SOCIOS PARTICIPANTES EN ACTIVIDADES

Escalada (pases do rocodromo)	25 (tramitamos 39)
-------------------------------	--------------------

## COMPARATIVA 2019/2020

### 2020

### 2019

	INGRESOS/ Cobros	GASTOS/ pagos		INGRESOS/ Cobros	GASTOS/ pagos
Actividades	1.534,00 €	2.603,32 €	Actividades	5.699,00 €	7.328,73 €
Actividades/RAIDS	161,00 €	310,00 €	Actividades/RAIDS	946,00 €	924,50 €
Aulas Verdes			Aulas Verdes	27,00 €	125,00 €
Actividades Fotografía			Actividades Fotografía	12,00 €	75,00 €
Actividades/Rocodromo			Actividades/Rocodromo	147,00 €	245,00 €
Cuotas	8.897,34 €	- €	Cuotas	13.901,18 €	- €
Gasto persoal admin	- €	3.285,00 €	Gasto persoal admin	- €	4.242,00 €
Ingresos Extraordinarios			Ingresos Extraordinarios		
Licenzas	10.686,60 €	5.682,60 €	Licenzas	11.496,05 €	8.622,75 €
Material promoción	310,00 €	1.579,32 €	Material promoción	228,00 €	1.058,50 €
Outros (a compensar)			Outros (a compensar)	2.808,00 €	3.000,00 €
Outros gastos	1.276,98 €	5.067,06 €	Outros gastos	398,50 €	5.374,23 €
Outros servicios	- €	1.908,32 €	Outros servicios	- €	2.355,91 €
Outros tributos	- €	226,85 €	Outros tributos	- €	226,85 €
Primas de seguros	- €	1.405,82 €	Primas de seguros	- €	2.084,95 €
Servizos bancarios e similares	- €	456,42 €	Servizos bancarios e similares	- €	566,85 €
Subvencions	3.450,00 €	- €	Subvencions	15.392,09 €	- €
Outros Anos (Cobros/Pagos)	984,00 €	5.265,00 €	Outros Anos (Cobros/Pagos)	989,00 €	7.472,71 €
<b>Total Xeneral</b>	<b>27.299,92 €</b>	<b>27.789,71 €</b>	<b>Total Xeneral</b>	<b>52.043,82 €</b>	<b>43.702,98 €</b>